

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

RESOLUCIÓN do 12 de setembro de 2018, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta secretaria xeral no segundo cuadrimestre de 2018.

O artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para lle dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Artigo único

Darlle publicidade á relación dos convenios subscritos pola Secretaría Xeral da Emigración nos meses de maio, xuño, xullo e agosto do ano 2018, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración

ANEXO

| Nome | Obxecto | Importe | Data da sinatura |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|------------------|
| Convenio de colaboración co Centro Gallego de Mar del Plata (Arxentina) | Contribuír á atención das necesidades socioasistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes en Mar del Plata (Arxentina) | 20.000,00 € | 3.5.2018 |
| Convenio de colaboración coa Asociación Española Primera de Socorros Mutuos de Montevideo (Uruguai) | Desenvolvemento dun programa de atención socioasistenciais destinado ás persoas de orixe galega e aos seus descendentes residentes en Montevideo (Uruguai) | 20.000,00 € | 5.5.2018 |
| Convenio de colaboración coa Casa de Galicia de Montevideo (Uruguai) | Desenvolvemento de programas de atención socioasistenciais destinados ás persoas de orixe galega e aos seus descendentes residentes en Montevideo (Uruguai) | 35.000,00 € | 5.5.2018 |
| Convenio de colaboración coa Fundación España Salud (Venezuela) | Contribuír á atención das necesidades socioasistenciais e de atención domiciliaria dos cidadáns galegos residentes en Venezuela | 70.000,00 € | 28.5.2018 |

CVE-DOG: js38ekd5-8wf5-5aj8-m942-cy4ewipu8hj0



| Nome | Obxecto | Importe | Data da sinatura |
|--------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|------------------|
| Convenio de colaboración co Hogar Español de Montevideo (Uruguai) | Contribuír á atención das necesidades socioasistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes en Montevideo | 40.000,00 € | 5.5.2018 |
| Convenio de colaboración co Hogar Gallego para Ancianos de Bos Aires (Arxentina) | Contribuír á atención das necesidades socioasistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes en Bos Aires | 30.000,00 € | 3.5.2018 |
| Convenio de colaboración coa Asociación de Emigrantes Retornados Ulla-Umia (AERU) | Contribuír ao mantemento dunha oficina de información e asesoramento dirixida a emigrantes retornados | 6.000,00 € | 17.7.2018 |
| Convenio de colaboración coa Fundación Fillos de Ourense-Fundaourense (Venezuela) | Contribuír á atención das necesidades socioasistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes en Venezuela | 40.000,00 € | 20.8.2018 |
| Convenio de colaboración coa Fundación Apoyo a la Ciudadanía Española en Venezuela (FACEV) | Prestación de asistencia socioasistencial especial e sanitaria de emerxencia a persoas de orixe galega residentes en Venezuela | 40.000,00 € | 20.8.2018 |

